

Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación co asunto:

Proxecto:	Parque eólico Treboada e liña de evacuación
Documentos:	Estudo de impacto ambiental (Xullo 2021) e Proxecto sectorial (Abril 2021)
Localización:	Parque eólico: San Xoán de Río, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa e A Pobra de Trives (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo) Liña de evacuación (LAAT): San Xoán de Río e A Pobra de Trives (Ourense)
Promotor:	Wind Grower, S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Exp./ clave:	IN408A 2019/078
Data rexistro:	21.09.2021
Expediente:	IA3184/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 21.09.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e co artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, entre outras, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos nomeados "*Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Treboada e liña de evacuación*" (Xullo 2021) e "*Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque eólico Treboada e liña de evacuación- versión 02- Proxecto de interese autonómico*" (Abril 2021) nos termos municipais de San Xoán de Río, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa e A Pobra de Trives (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo).

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- "*Solicitud de informe ao abeiro do Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra*", informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 15.02.2021. Neste informe indícase que as posicións proxectadas para as infraestruturas do parque (aeroxeradores e torre meteorolóxica) están fóra do ámbito protexido do BIC Ribeira Sacra, aínda que a súa construción pode xerar impacto visual desde os seus miradoiros e outros elementos senlleiros da paisaxe cultural, polo que é necesario que no trámite ambiental se analice esa visibilidade. Cítase o Miradoiro da Capela e o núcleo de Castro Caldelas e a súa fortaleza.
- "*Documento de inicio do proxecto do Parque Eólico Treboada*". Setembro 2019, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 01.07.2021. No dito informe solicítase buscar outra alternativa de trazado da liña eléctrica que non atravesase o río Navea polo contorno de protección da ponte Navea e a capela da Encarnación. Asemade, o EIA debía incluír unha análise específica de afección visual, especialmente a liña conformada polos aeroxeradores T-1, T-2, T-3, T-4 e T-5, ao BIC Ribeira Sacra. Cítase no informe os miradoiros da Capela, do Duque e da Pena do Castelo e o núcleo de Castro Caldelas e a súa fortaleza. Tamén se solicita unha análise específica da afección visual sobre os conxuntos parroquiais de Vilardá, en Castro Caldelas e Medos e Castrelo, en San Xoán de Río que inclúa infografías nas que se visualicen os bens en relación co parque eólico.

LEXISLACIÓN APLICABLE EN RELACIÓN CO PATRIMONIO CULTURAL:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)



- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra (DOG núm. 248, do 31 de decembro)

INFORME:

Unha vez analizados os documentos remitidos compróbase que non se introduciron cambios respecto ao documento informado en fase de consultas ambientais, en concreto no trazado da liña eléctrica, nin se aporta xustificación algunha nin outras alternativas estudadas para o cruce do río Navea.

Respecto a análise da afección visual, se ben no anexo D *Estudo de impacto e integración paisaxística* inclúense infografías desde distintos puntos, entre os que se atopa a Fortaleza de Castro Caldelas, non se inclúen as infografías desde os conxuntos parroquiais de Vilardá, Medos e Castrelo, solicitadas no informe desta dirección xeral do 01.07.2021, e nas que se visualicen os bens en relación cas infraestruturas do parque eólico.

Tampouco se inclúen infografías que permitan valorar o impacto visual do parque eólico desde os miradoiros da Ribeira Sacra (da Capela, do Duque e da Pena do Castelo), sobre os que se solicitaba un análise específico da afección visual no devandito informe do 01.07.2021.

Estes aspectos puxéronse en coñecemento do promotor na xuntanza que tivo lugar na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 15.03.2022, comprometéndose a presentar a documentación necesaria para completar o estudo de impacto ambiental e poder emitir o correspondente informe.

En atención ao expresado nos parágrafos anteriores, considérase que para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico Treboada e a súa infraestrutura de evacuación sobre o patrimonio cultural, é necesario que se remita a devandita documentación complementaria, que de resposta ao requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 01.07.2021.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxía e Minas

Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

